

Óptica de diario


Cando o corazón viaxa



RAFAEL FERNÁNDEZ LORENZO

En *Viaxes no corazón*, Xosé Manuel G. Trigo, percorre o seu pasado lembrando e recuperando anécdotas, ocorrencias e ironías da súa nenez e da súa mocidade, que senta nas páxinas do presente diario con sorrisos sublimes (bucólicos diría eu) para xustificar o presente. Trigo xoga con ese paralelismo para crear e dar forma ao espazo e ao tempo. Viaxa en dúas cadeiras, pero só escribe unha.

Atopámonos, pois, diante dunha obra que evoca unha realidade que tan só uns poucos tiveron o privilexio de vivir, pois daquela había que deitalrle os remendos á vida. O diario non fala para nada da realidade do traballo, da fame ou da doenza. É que daquela, a maior parte da xente non fañañarse cos "jodechinhos" á praia, tiña que afincar os cóbados



mariscando e traballando nos oficios baixos. Era habitual, aínda hoxe o é, que os homes traballaran no mar e fixeran campañas de seis ou de nove meses, para aos poucos días volver a embarcar. Non tiñan criadas como "Pastorita".

A cerna e o referente de *Viaxes no corazón* é don Xosé María Castroviejo. Grazas ao persoeiro, enfía Xosé Manuel G. Trigo novamente a súa escrita con respecto e veneración, voltando unha e outra vez á parroquia de Meira para recuperar, entre outras, a memoria dos seus pais e dos seres queridos.

As viaxes que desenha Xosé Manuel están trazadas

meticulosamente, non son maliciosas e debullan con agrado e simpatía aquel tempo que estaba petando nas portas da democracia.

Porén, o presente diario está cheo tamén de fábulas e de fadas. Así, vén ser algo semellante ao conto de Carapuchiña Vermella, pero sen que haxa lobo. Trátase dun remanso de paz. Non hai no mesmo unha pequena fenda de dor, de sufrimento ou amargura. No seu diario, o xoves 3 de maio escribe "enrou pola ventá aberta ao azul da mañá un bichiño voador que veu pousar na man tamén voadora de Pastorita..." e o sábado, 4 de agosto "Que fixera eu para merecer isto? ver o voo dunha parella de pombos. Ver aos meus antepasados cabalgando en cadansúa nubre branca de eternidade."

Viaxes no corazón é un diario escrito, como todos os diarios, dende unha óptica íntima e persoal. No seu caso Xosé Manuel G. Trigo pasa as follas da súa vida, a vida doce que lle tocou vivir.

G. TRIGO, *Xosé Manuel, Viaxes do corazón (diario íntimo)*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 107 páxinas.